



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

Situación Actual Competición 19/20

O Real Decreto do estado de alarma por parte do Goberno de España a raíz da situación provocada polo COVID-19 provocou un escenario de incerteza en practicamente todos os ámbitos sociais. No mundo do balonmán e do deporte en xeral, esta situación está a provocar numerosas dúbidas nos clubs: retomaremos as competicións?, que lles transmitimos aos xogadores/as?, que lles transmitimos aos pais/nais?, cobraremos as subvencións comprometidas?, que facemos cos adestradores/as?... Pois ben, dende a Federación Galega de Balonmán, trataremos na medida do posible, de diminuír pouco a pouco todas estas dúbidas.

A día de hoxe, cóstanos de primeira man que a Administración Pública Galega está a amosar empatía co sector deportivo, que tratarán na medida do posible de manter as subvencións e incluso están tratando de axilizar a súa tramitación e resolución, xa que son conscientes da delicada situación de moitos clubs e federacións. As intencións son alentadoras, de todos os xeitos non debemos esquecer que a situación que se está a vivir é delicada e imprevisible, e por iso será a evolución do estado de alarma polo COVID-19 a que marque os tempos e as posibilidades reais neste ámbito. De aí a importancia de que a sociedade respecte e colabore ao máximo para que se cumpran as medidas decretadas. Entre todos/as, de seguro que seremos capaces de volver pronto á normalidade.

Nas competicións, os condicionantes para tomar decisións son moitos e moi variados: a busca do consenso entre o deporte galego para adoptar as decisións relativas ao deporte escolar, as posibles datas e a viabilidade da volta do alumnado ás clases presenciais antes do mes de setembro, as decisións da RFEBM sobre os sectores nacionais e fases de ascenso, xa que o que ocorra a nivel nacional (ascensos e descensos) condiciona directamente os dereitos deportivos nalgúns das categorías autonómicas. É importante tamén ter unha orientación da posible data do levantamento do estado de alarma e das medidas que se poidan adoptar para a recuperación progresiva da normalidade no día a día.

Tendo en conta que, a día de hoxe, a situación a nivel nacional é delicada, e que o prioritario é sumar entre todos/as para que cesen os problemas de saúde; dende o maior respecto e coas mellores intencións, a continuación, a Federación Galega de Balonmán tratará de realizar unha reflexión escrita sobre os posibles escenarios que, xunto coa Comisión Delegada, se estudarán para o futuro das competicións 2019-2020.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán

RESUMO PROPOSTA FGBM PARA AS COMPETICIÓNS 19/20

(De non cumprirse a data de reanudación, a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberán decidir as medidas a adoptar)

C+A1:F29OMPETICIÓNS		EXISTE CAMPIÓN MATEMÁTICO?	ESTÁN DEFINIDOS OS POSTOS DO 2º AO 5º?	DATAS NECESARIAS PARA REMATAR	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
CATEGORÍA	TIPO COMPETICIÓN				
PREBENXAMÍN MIXTO	CONCENTRACIÓN		NON	6	23/5/20
BENXAMÍN MIXTA	LIGA	NON	NON	8	16/5/20
	COPA NORTE	NON	SI	0	FINALIZADA
	COPA SUR	NON	NON	7	NON SE REANUDARÁ
ALEVÍN MIXTA	LIGA 7	NON	NON	5	23/5/20
	COPA 7	NON	NON	4	NON SE REANUDARÁ
	LIGA 5	NON	NON	7	NON SE REANUDARÁ
	COPA 5	SI	SI	0	FINALIZADA
INFANTIL MASCULINA	DH	NON	NON	4	23/5/20
	2ª	NON	NON	6	23/5/20
INFANTIL FEMININA	DH	SI	NON	4	23/5/20
	2ª	SI	NON	1	23/5/20
	COPAS 2ª	NON	NON	8	9/5/20
CADETE MASCULINA	DH	SI	NON	4	23/5/20
	2ª	NON	NON	4	23/5/20
CADETE FEMININA	DH	SI	NON	4	23/5/20
	2ª	SI	NON	4	23/5/20
	COPAS 2ª	NON	NON	7	9/5/20
XUVENIL MASCULINA	DH	NON	NON	4	23/5/20
	2ª	NON	NON	4	23/5/20
XUVENIL FEMININA	GRUPO TÍTULO	NON	NON	5	23/5/20
	G. CLASIFICACIÓN	NON	NON	7	9/5/20
SÉNIOR MASCULINA	2ª	NON	NON	6	23/5/20
	1ª	NON	NON	4	23/5/20
	PROMOCIÓN	NON	NON	2	4/7/20
	FASE FINAL COPA	NON	NON	2	13/6/20
SÉNIOR FEMININA	1ª	SI	NON	3	30/5/20



**FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
COMPETICIÓN 19/20**

**PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19**

ANÁLISE DE SITUACIÓN POR CATEGORÍA E COMPETICIÓN



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: PREBENXAMÍN MIXTA

CATEGORÍA ENCADRADA DENTRO DO DEPORTE EN IDADE ESCOLAR: SI

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
COMPETICIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL PROVINCIAL	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL AUTONÓMICA	FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
CONCENTRACIÓNS	VARIOS	5	0	1 (Bm na Rúa)	31/5/20	23/5/20

INFORMACIÓN

Trátase dunha competición na que non hai clasificación nin resultados, e que se disputa mediante concentracións. Foi realizada dende o punto de vista lúdico para que as categorías máis novas se iniciaran ao balonmán e para promocionar o noso deporte en diferentes puntos do mapa galego. A día de hoxe restarían seis torneos puntuais, un deles coincidiría coa actividade do Balonmán na Rúa que a Federación Galega de Balonmán organiza todos os anos a finais do mes de maio en Vigo.

PROPOSTA (Datos necesarios: 6)

Consideramos que dada a situación actual, na que hai certas dúbidas sobre o regreso do alumnado ás escolas vai ser moi complicada a reanudación da competición. A FGBM baralla os seguintes escenarios, con data de referencia 23/05/2020:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 19/20 anularíase a efectos deportivos.

IMPORTANTE: Cando falamos de “xogar con normalidade” referímonos a que os encontros se disputen con público e sen necesidade de adoptar medidas importantes que influan en gran medida nas condicións nas que se viñan disputando. De non darse este caso, a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deben decidir; podendo realizar unha nova competición que se adapte á necesidades do momento.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: BENXAMÍN MIXTA

CATEGORÍA ENCADRADA DENTRO DO DEPORTE EN IDADE ESCOLAR: SI

SITUACIÓN ACTUAL

XORNADAS PENDENTES				DATAS		
COMPETICIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL PROVINCIAL	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL AUTONÓMICA	DATA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
LIGA	Liga SUR 1	5	1	1	7/6/20	16/05/20
	Liga SUR 2	3	1	1	7/6/20	
	Liga SUR 3	3	1	1	7/6/20	
	Liga SUR 4	6	1	1	7/6/20	
	Liga NORTE 1	6	1	1	7/6/20	
	Liga NORTE 2	10	1	1	7/6/20	
	Liga NORTE 3	10	1	1	7/6/20	
COPA	Copa NORTE	0	1		26/1/20	FINALIZADA
	Copa SUR 1	6	1		30/5/20	NON SE REANUDARÁ
	Copa SUR 2	6	1		30/5/20	
	Copa SUR 3	6	1		30/5/20	
	Copa SUR 4	6	1		30/5/20	
	Copa SUR 5	6	1		30/5/20	

INFORMACIÓN

Trátase dunha competición que se realiza por concentración, na que aínda quedan moitas xornadas coma para que haxa gañadores/as matemáticos a estas alturas, e ademais ten o inconveniente de que se viña a xogar de xeito quinquenal. O razoamento é moi similar ao da categoría prebenxamín.

PROPOSTA (Datos necesarios: 7-8)

Cos mesmos condicionantes que na anterior categoría, a FGBM propón deixar sen efecto a competición de Copa e se barallan os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 16/05/2020:



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA POLO COVID-19

- Se o 16/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 16/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 19/20 anularíase a efectos deportivos.

IMPORTANTE: Cando falamos de “xogar con normalidade” referímonos a que os encontros se disputen con público e sen necesidade de adoptar medidas importantes que influían en gran medida nas condicións nas que se viñan a disputar os encontros. De non darse este caso, a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deben decidir.

Toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, despois do 16/05/20, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: ALEVÍN MIXTA

CATEGORÍA ENCADRADA DENTRO DO DEPORTE EN IDADE ESCOLAR: SI

SITUACIÓN ACTUAL

XORNADAS PENDENTES				DATAS		
COMPETICIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL PROVINCIAL	XORNADAS PENDENTES FASE FINAL AUTONÓMICA	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
LIGA 7	Liga 7 G1	4		1	7/6/20	23/05/20
	Liga 7 G2	2		1	7/6/20	
	Liga 7 G3	4		1	7/6/20	
	Liga 7 G4	4		1	7/6/20	
COPA 7	Copa 7 NORTE	2		2	1/5/20	NON SE REANUDARÁ
	Copa SUR 1	1		2	1/5/20	
	Copa SUR 2	1		2	1/5/20	
	Copa SUR 3	1		2	1/5/20	
LIGA 5	Liga 5 G1	6	1		23/5/20	NON SE REANUDARÁ
	Liga 5 G2	6	1		23/5/20	
	Liga 5 G3	6	1		23/5/20	
	Liga 5 G4	2	1		26/4/20	
	Liga 5 G5	2	1		26/4/20	
COPA 5	Copa 5 NORTE	0			15/12/19	FINALIZADA

INFORMACIÓN

Trátase dunha competición que se realiza por concentración nalgúns casos, e na que dependendo da competición aínda quedan moitas xornadas como para que haxa gañadores/as matemáticos a estas alturas, e ademais tamén ten o inconveniente de que se viña a xogar de xeito quinquenal. O razoamento é moi similar ao da categoría benxamín.

PROPOSTA (Datos necesarios: 5)

Cos mesmos condicionantes que na anterior categoría, a FGBM propón deixar sen efecto as competicións que non sexan a “Liga 7” (da dereito á disputa do Campionato Galego)



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA POLO COVID-19

e baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 19/20 anularíase a efectos deportivos.

IMPORTANTE: Cando falamos de “xogar con normalidade” referímonos a que os encontros se disputen con público e sen necesidade de adoptar medidas importantes que inflúan en gran medida nas condicións nas que se viñan a disputar os encontros. De non darse este caso, a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deben decidir.

Toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, despois do 23/05/20, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: INFANTIL MASCULINA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
DIVISIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	ÚNICO	2	1	1	26/4/20	23/05/20
2ª	2ª G1	3 + 1 FF 2IM	1	1	26/4/20	23/05/20
	2ª G2	3 + 1 FF 2IM	1	1	26/4/20	
	2ª G3	3 + 1 FF 2IM	1	1	26/4/20	

INFORMACIÓN

División de Honra: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar dúas xornadas na División de Honra e matematicamente non hai campión. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e outro equipo gañador dun partido único entre o 5º de DH e o 1º de Segunda División.

Segunda División: Quedan 3 xornadas máis a disputa da fase final (nun día) para determinar o gañador da Liga, e a posterior eliminatoria para disputar a *Final Four* contra o 5º de DH (nun día). No grupo 1 hai gañador matemático, mentres que nos grupos 2 e 3 aínda está por decidir o primeiro posto.

PROPOSTA (Datos necesarios: 6)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020, se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 19/20 anularíase.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: INFANTIL FEMININA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
DIVISIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	ÚNICO	2	1	1	19/4/20	23/05/20
2ª	2ª G1	0	1	1	19/4/20	23/05/20
	2ª G2	0	1	1	19/4/20	23/05/20
	2ª G3	0	1	1	19/4/20	23/05/20
	SUPERCOPA	7			10/5/20	09/05/20
	COPA XUNTA	7			10/5/20	09/05/20
	COPA FEDERACIÓN	8			18/5/20	09/05/20

INFORMACIÓN

División de Honra: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar dúas xornadas na División de Honra, matematicamente xa hai campión e subcampión, pero están abertos os postos do 3º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e outro equipo gañador dun partido único entre o 5º de DH e o 1º de Segunda División.

Segunda División: Xa temos gañador da Liga, faltaría a posterior eliminatoria para disputar a *Final Four* contra o 5º de DH (nun día).

PROPOSTA (Datos necesarios: 4 en Liga – 8 en Copa)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020 para as ligas e 09/05/20 para as copas. Se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 (09/05/20 no caso das copas) se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA POLO COVID-19

- Se o 23/05/20 (09/05/20 no caso das copas) non se pode xogar con normalidade, a competición 19/20 anularíase a efectos deportivos.

IMPORTANTE: Cando falamos de “xogar con normalidade” referímonos a que os encontros se disputen con público e sen necesidade de adoptar medidas importantes que influán en gran medida nas condicións nas que se viñan a disputar os encontros; de non darse este caso, a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deben decidir.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: CADETE MASCULINA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
DIVISIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	DH GRUPO ÚNICO	2	1	1	5/4/20	23/05/20
2ª	2ª G1	0 + 2 FF 2CM	1	1	5/4/20	23/05/20
	2ª G2	0 + 2 FF 2CM	1	1	5/4/20	23/05/20

INFORMACIÓN

División de Honra: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar dúas xornadas na División de Honra, matematicamente xa hai campión, pero están abertos os postos do 2º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e outro equipo gañador dun partido único entre o 5º de DH e o 1º de Segunda División.

Segunda División: Aínda non temos gañador da Liga, faltaría por disputar o dobre enfrontamento entre o primeiro de cada grupo (unha fin de semana) e a posterior eliminatoria para disputar a *Final Four* contra o 5º de DH (nun día).

PROPOSTA (Datos necesarios: 4)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020. Se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: CADETE FEMININA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
DIVISIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	ÚNICO	2	1	1	5/4/20	23/05/20
2ª	2ª G1	0	1	1	23/2/20	23/05/20
	2ª G2	0	1	1	23/2/20	23/05/20
	SUPERCOPA	7			10/5/20	09/05/20
	COPA	7			10/5/20	09/05/20

INFORMACIÓN

División de Honra: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar dúas xornadas na División de Honra, matematicamente xa hai campión, pero están abertos os postos do 2º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e outro equipo gañador dun partido único entre o 5º de DH e o 1º de Segunda División.

Segunda División: xa hai gañador da Liga, faltaría por xogar a posterior eliminatoria para disputar a *Final Four* contra o 5º de DH (nun día).

PROPOSTA (Datos necesarios: 4 en Liga e 7 en Copa)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020. Se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 (09/05/20 no caso das copas) se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 (09/05/20 no caso das copas) non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: XUVENIL MASCULINA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
DIVISIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	ÚNICO	2	1	1	29/3/20	23/05/20
2ª	2ª G1	0 + 2 FF 2XM	1	1	29/3/20	23/05/20
	2ª G2	0 + 2 FF 2XM	1	1	29/3/20	23/05/20

INFORMACIÓN

División de Honra: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar dúas xornadas na División de Honra, matematicamente non hai campión e están abertos os postos do 2º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e outro equipo gañador dun partido único entre o 5º de DH e o 1º de Segunda División.

Segunda División: aínda non temos gañador da Liga, faltaría por disputar o dobre enfrontamento entre o primeiro de cada grupo (unha fin de semana) e a posterior eliminatoria para disputar a *Final Four* contra o 5º de DH (nun día).

PROPOSTA (Datos necesarios: 4)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020. Se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: XUVENIL FEMININA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
TIPO COMPETICIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
DH	DH G1	0			16/2/20	FINALIZADA
	DH G2	0			16/2/20	FINALIZADA
	TÍTULO	5			5/4/20	23/05/20
	CLASIFICACIÓN	7			3/5/20	09/05/20

INFORMACIÓN

Título: É a competición que da dereito á xogar o sector nacional. Faltan por xogar cinco xornadas, matematicamente non hai campión e están todos os postos por decidir. Os demais equipos que accederían ao sector nacional determinaríanse por orde de clasificación.

Clasificación: Simplemente se decidirían os postos do 9º ao 18º.

PROPOSTA (Datos necesarios: 5 en Título e 7 en Clasificación)

Cos mesmos condicionantes que nas anteriores categorías, ademais das datas dos sectores nacionais (en caso de celebrarse), a FGBM baralla os escenarios que se detallan a continuación, con data de referencia 23/05/2020 para o grupo que loita polo título e o 09/05/20 para o grupo que loita pola clasificación. Se nesa data non hai un escenario claro para poder xogar, toda medida que se puidese adoptar para retomar a competición, suporía un cambio importante no formato actual, polo tanto a Comisión Delegada ou a Asemblea Extraordinaria deberían tomar as decisións:

- Se o 23/05/20 (en Título) e o 16/05/20 (en Clasificación) se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 (en Título) e o 16/05/20 (en Clasificación) non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: SÉNIOR MASCULINA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
CATEGORÍA	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
2ª	LIGA	6			3/5/20	23/05/20
1ª	LIGA	3		1	5/4/20	23/05/20
	PROMOCION 1ª-2ª	2			24/5/20	04/07/20
	COPA G1	0			6/10/20	FINALIZADA
	COPA G2	0			6/10/20	FINALIZADA
	COPA G3	0			6/10/20	FINALIZADA
	FASE FINAL COPA				1	26/4/20

INFORMACIÓN

1ª Autonómica: É a competición que da dereito á xogar a fase de ascenso a 1ª nacional. Faltan por xogar tres xornadas, matematicamente non hai campión e están abertos os postos do 2º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional sairían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e 5º. Tamén queda pendente a fase final de Copa (nunha fin de semana).

2ª Autonómica: É a competición que da dereito a ascender a 1ª Autonómica Masculina, restan 6 xornadas para rematar e aínda non hai nada decidido matematicamente. O 1º e 2º clasificado ascenderían directamente e o 3º promocionaría contra o peor clasificado da categoría superior que non descendan directamente.

PROPOSTA (Datos necesarios: 4 en 1ª Autonómica e 7 en 2ª Autonómica)

O gran condicionante nestas categorías é si haberá ou non ascensos e descensos entre as categorías autonómicas e as nacionais, polo tanto plantexamos dous escenarios:

A. Se hai ascensos/descensos por parte da RFEBM:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a Comisión Delegada ou Asemblea Extraordinaria deberán decidir si se modifica o formato do que reste de



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA POLO COVID-19

competición para chegar a tempo ás datas marcadas pola RFEBM para a disputa das fases de ascenso.

B. Se non hai ascensos/descensos por parte da RFEBM:

- Se o 23/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 23/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMPETICIÓN 19/20

PROPOSTAS ANTE O ESTADO DE ALERTA
POLO COVID-19

CATEGORÍA: SÉNIOR FEMININA

SITUACIÓN ACTUAL

COMPETICIÓN		XORNADAS PENDENTES			DATAS	
TIPO COMPETICIÓN	GRUPO	XORNADAS PENDENTES LIGA REGULAR	ELIMINATORIA POLA FINAL 4	FINAL 4	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN EN CALENDARIO	DATA LÍMITE REANUDACIÓN
1ª	LIGA	2		1	5/4/20	30/05/20

INFORMACIÓN

1ª Autonómica: É a competición que da dereito á xogar a fase de ascenso a DH Prata. Faltan por xogar dúas xornadas e matematicamente si hai campión, pero están abertos os postos do 2º ao 5º. Os demais equipos que accederían ao sector nacional saírían da *Final Four* dunha fin de semana entre o 2º, 3º, 4º e 5º.

PROPOSTA (Datos necesarios: 3)

O gran condicionante nestas categorías é si haberá ou non ascensos e descensos entre as categorías autonómicas e as nacionais, polo tanto plantexamos dous escenarios:

C. Se hai ascensos/descensos por parte da RFEBM:

- Se o 30/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 30/05/20 non se pode xogar con normalidade, a Comisión Delegada ou Asemblea Extraordinaria deberán decidir si se modifica o formato do que reste de competición para chegar a tempo ás datas marcadas pola RFEBM para a disputa das fases de ascenso.

D. Se non hai ascensos/descensos por parte da RFEBM:

- Se o 30/05/20 se pode xogar con normalidade, estudaríamos a opción de retomar a competición.
- Se o 30/05/20 non se pode xogar con normalidade, a competición 2019/20 anularíase a efectos deportivos